

## XI. REINTEGRO, INFRACCIÓN E SANCIÓN

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá conlevar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o incumplimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, sendo de aplicación o cadro de sancións previsto nas normas citadas e na Ordenanza provincial xeral de subvencións e transferencias (BOP nº 36, do 24 de febreiro de 2021).

3. Para os supostos de retraso na realización das actividades ou na presentación da xustificación estarase ao disposto na Ordenanza provincial xeral de subvencións e transferencias (BOP nº 36, do 24 de febreiro de 2021).

## XII. INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓN E PUBLICIDADE DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

## XIII. VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de agosto de 2025**.

2. Para o caso de que ACOTRADES non poda presentar a xustificación antes do 31 de agosto de 2025, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial de xustificación, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro de 2025. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría Xeral e da Intervención Provincial da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

## XIV. NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao Presidente da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario de data 13 de setembro de 2024.

E en proba de conformidade asinan por duplicado exemplar o presente convenio, no lugar e data indicados no encazamento.

**O PRESIDENTE  
DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA**

Asdo. Valentín González Formoso

**A PRESIDENTA DA ASOCIACIÓN CORUÑESA DE  
TRANSPORTES DISCRECIONALES Y ESPECIALES**

Asdo. Lucía Loureiro Liñares

**A SECRETARIA XERAL  
DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA**

Asdo. Amparo Taboada Gil



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
A CORUÑA**

SERVIZO DE PATRIMONIO E CONTRATACIÓN

Número 77 /2024



## **CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ASOCIACIÓN CORUÑESA DE TRANSPORTES DISCRECIONALES Y ESPECIALES (ACOTRADES) PARA FINANCIAR O PROXECTO “FORMACIÓN ESPECÍFICA PARA NOVOS CONDUTORES PROFESIONAIS NO SECTOR DO TRANSPORTE POR CARRETERA NA PROVINCIA DA CORUÑA”.**

Na Coruña, a 28 de novembro de 2024, na sede da Deputación Provincial da Coruña

Ante min, Amparo Taboada Gil, Secretaria Xeral da Deputación Provincial da Coruña, como fedataria actuante,

### **REUNIDOS**

Dunha parte, Don Valentín González Formoso, Presidente da Deputación Provincial da Coruña.

Doutra parte, Dona Lucía Loureiro Liñares, Presidenta da Asociación Coruñesa de Transportes Discrecionales y Especiales (ACOTRADES).

### **MANIFESTAN**

Que os sistemas de transporte e de comunicación convértense nunha estrutura básica do desenvolvemento económico e social.

Que, na actualidade, debido á escasez de condutores no sector de transporte por carretera e a alta demanda de condutores cualificados por parte das empresas, a capacitación de traballadores é esencial para dotar aos empresarios e as súas plantillas dunha maior cualificación para contribuír a mellorar a competitividade das mesmas e consolidar o emprego no sector.

Que a Excm. Deputación provincial da Coruña e a Asociación Coruñesa de Transportes Discrecionales y Especiales (en adiante, ACOTRADES) consideran de gran interese para a provincia mellorar a actividade do sector, facendo que o seu desenvolvemento e a súa competitividade melloren de forma sostible na provincia, xerando emprego e oportunidades na economía local.

Que ACOTRADES é unha organización empresarial sen ánimo de lucro fundada en 1979 e conformada por empresas e profesionais do sector do transporte da provincia da Coruña que ten entre os seus fins defender e representar os intereses de todos os seu asociados así como impartir formación en todas as súas modalidades e desenvolver actividades de axencia de colocación.

Que o Plan de Emprego Local (PEL) da Deputación da Coruña se constitúe como unha estratexia integrada de cooperación para o desenvolvemento sostible da provincia que pretende servir de instrumento estratéxico para mellorar a empregabilidade e o emprego e responde fundamentalmente á preocupación polo desenvolvemento do territorio provincial no seu conxunto dunha maneira equilibrada.

Que o apoio da Deputación da Coruña ao proxecto “Formación específica para novos condutores profesionais no sector do transporte por carretera na provincia da Coruña” permite contribuír a potenciar a inserción profesional nun sector cunha alta demanda e promover unha capacitación profesional de nivel e adecuada, polo que, en virtude das consideracións anteriores, a Deputación da Coruña e ACOTRADES acordan subscribir o presente convenio de colaboración dacordo coas seguintes

### **CLÁUSULAS**

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e ACOTRADES (NIF: G15248859) para financiar o proxecto “Formación específica para novos condutores profesionais no sector do transporte por carretera na provincia da Coruña”, no que se integran as seguintes actividades:

- Formación para a obtención do Certificado de Aptitude Profesional dos condutores, CAP. Total alumnado 24
- Formación para a obtención do permiso de circulación C. Total alumnado 24
- Formación para a obtención do permiso de circulación C+E. Total alumnado 24

### **II. ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE A REALIZAR**

ACOTRADES desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

| GASTOS  | IMPORTE            |
|---|--------------------|
| <b>SERVIZO DE PROFESIONAIS INDEPENDENTES / CONTRATACIÓNS EXTERNAS</b>                 | <b>60.648,00 €</b> |
| <b>Formación para a obtención CAP (Total 24 alumnos/as)</b>                           | <b>20.328,00 €</b> |
| Teoría_130 h<br>(Material didáctico, profesorado, práctica extinción incendios)       | 12.000,00 €        |
| Prácticas_10 h  | 7.200,00 €         |
| Taxas exame   | 552,00 €           |
| Taxa tarxeta  | 576,00 €           |
| <b>Formación para a obtención do permiso de circulación C (Total 24 alumnos/as)</b>   | <b>5.520,00 €</b>  |
| Matrícula e prácticas_realizadas co CAP<br>(Material didáctico, profesorado)          | 2.400,00 €         |
| Taxa DXT  | 2.400,00 €         |
| Psicotécnico  | 720,00 €           |
| <b>Formación para a obtención do permiso de circulación C+E (Total 24 alumnos/as)</b> | <b>34.800,00 €</b> |
| Matrícula<br>(Material didáctico, profesorado)  | 2.400,00 €         |
| Taxa DXT  | 2.400,00 €         |
| Prácticas_19 h  | 30.000,00 €        |
| <b>GASTOS DE PERSOAL</b>  | <b>1.852,00 €</b>  |
| Soldos e Salarios   | 1.401,00 €         |
| Seguridade Social a cargo da empresa  | 451,00 €           |
| <b>TOTAL PROXECTO</b>   | <b>62.500,00 €</b> |

### III. FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **50.000,00 €**, o que representa unha porcentaxe do 80 %. A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

2. No caso de que o gasto xustifico non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegar o importe que represente o 80 % da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0520/24100/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que ACOTRADES obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustifico.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustifico, minorarase a aportación provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

### IV. CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministrados necesarios para a execución do obxecto do convenio corresponderalle á entidade beneficiaria.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á entidade beneficiaria, nin con calquera outra na que conorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera 15.000,00 euros, con carácter previo á contratación, a entidade beneficiaria deberá solicitar alomenos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3. No caso de que a entidade beneficiaria tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación un exemplar do Proxecto modificado, achegando co mesmo os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

### V. PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da entidade beneficiaria.

### VI. XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación seralle abonada á entidade beneficiaria unha vez que se presente a seguinte documentación:

a. Memoria de actuación, subscrita polo representante da entidade, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

b. Certificación clasificada dos gastos realizados, na que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, se fora o caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto; no caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsación deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o período subvencionable.

c. Declaración relativa á repercusión do IVE que, se fora o caso, inclúan as facturas xustificativas do gasto realizado. De acordo co disposto no art. 31.8 da Lei xeral de subvencións, o IVE será subvencionable no caso de que non sexa deducible pola entidade.

d. Autorizacións individuais asinadas por cada traballador/a con salario subvencionado, para a cesión á Deputación da Coruña dos datos persoais relacionados co seu contrato de traballo.

e. Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

f. Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

g. Declaración de todos os ingresos de natureza pública ou privada obtidos para a mesma finalidade, con indicación do seu importe e procedencia, así como dos propios ingresos que xere a actividade subvencionada ou, pola contra, manifestación de que non se obtiveron outros ingresos para mesma finalidade, asinada polas persoas que exerzan a responsabilidade de tesouraría e a representación legal da entidade.

h. Acreditación do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación da Coruña en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que fixera das actividades subvencionadas.

### VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira, deberán estar realizadas entre o 01 de setembro de 2024 e o 30 de abril de 2025.

2. Unha vez rematadas as actividades, ACOTRADES deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula XIII.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á ACOTRADES para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á ACOTRADES da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Ordenanza Xeral de Subvencións e Transferencias da Deputación, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada por ACOTRADES na documentación presentada.

### VIII. ACREDITACIÓN DO CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL

1. ACOTRADES deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pagamento da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsable expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificado ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por ésta.

### IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. ACOTRADES destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmentemente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, ACOTRADES deberá contar alomenos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

### X. CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ACOTRADES poderá ser escolloito pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, ACOTRADES quedará sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuciamiento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.